

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 08/05/2019 8:51:52

SAIDA 5862/19

[REDACTED]

Reclamante: [REDACTED]
Expediente. Nº **RSCTG 040/2019**

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por [REDACTED], mediante escrito remitido polo Consejo de Transparencia y Buen Gobierno que tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo do 4 de Marzo de 2019, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] presentou, mediante escrito remitido polo Consejo de Transparencia y Buen Gobierno que tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 04/03/2019, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude ao Concello de Santiago de Compostela do nome e apelidos dos Técnicos e dos Membros da Comisión Asesora do Patrimonio Histórico do Concello de Santiago de Compostela, criterios legais, de relevancia ou de recoñecido prestixio para escóllelos, orzamento anual da Comisión, actas das sesións da Comisión desde maio de 2017 ata a actualidade, importe pecuniario pola asistencia a sesións dos membros, leis ou artigos existentes no ordenamento disciplinario urbanístico de Compostela que teñan como prazo de execución 24 horas, número de licenzas outorgadas no centro histórico para obra de acondicionamento de local de negocio desde Novembro do 2016 ata Xullo de 2018, número de funcionarios e persoal laboral dedicado ao outorgamento desas licenzas, prazo medio de tempo desde a solicitude desas licenzas ata o outorgamento das mesmas, data da solicitude de licenza de obra do local situado en R/ da Senra, nº1, baixo (antigo local do Banco Santander) así como data da solicitude de ocupación de vía pública e as datas de concesión de ambas, data da solicitude de licenza de obra do local situado en Praza do Toural, número 8, baixo, así como a data de concesión da mesma



O escrito viña acompañado da súa solicitude de acceso á información ante o Concello de Santiago de Compostela

Segundo. Con data 6 de Marzo de 2019 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante a Concello de Santiago de Compostela para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 12 de marzo de 2019, sen que se recibise copia do expediente e o informe solicitado.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece na súa art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso administrativa.

Esta reclamación interpoñeráse no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

o Concello de Santiago de Compostela non resolveu a solicitude de acceso á información expresamente polo que polo que debemos considerar a reclamación presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

A Sra. ██████ solicitou do Concello de Santiago de Compostela o acceso a unha documentación que, non cabe dúbida, debemos considerar como información pública, xa que se trata de información sobre a identificación dos técnicos e dos membros da Comisión Asesora do Patrimonio Histórico do Concello de Santiago de Compostela, criterios legais, de relevancia ou de recoñecido prestixio para escóllelos, orzamento anual da Comisión, actas das sesións da Comisión desde maio de 2017 ata a actualidade, importe pecuniario pola asistencia a sesións dos membros, número de licenzas outorgadas no centro histórico para obra de acondicionamento de local de negocio desde Novembro do 2016 ata Xullo de 2018, número de funcionarios e persoal laboral dedicado ao outorgamento desas licenzas, , data da solicitude de licenza de obra do local situado en R/ da Senra, nº1, baixo (antigo local do Branco Santander) así como data da solicitude de ocupación de vía pública e as datas de concesión de ambas, data da solicitude de licenza de obra do local situado en Praza do Toural, número 8, baixo, así como a data de concesión da mesma. Trátase por tanto de información que está en poder da Administración, que foi elaborada no exercicio das súas funcións, polo que procede a estimación da reclamación presentada respecto a estas peticións, por ter a solicitante, de acordo co disposto no artigo 24 da Lei 1/2016, dereito ao acceso á mesma.

Non se pode considerar, por non ter encaixe no concepto de información pública do artigo 24 da Lei 1/2016, información referida ás leis ou artigos existentes no ordenamento disciplinario urbanístico de Compostela que teñan como prazo de execución 24 horas, nin información referida ao prazo medio de tempo desde a solicitude das licenzas ás que se refire a interesada, ata o seu outorgamento, polo que procede a desestimación da reclamación no referente a estas peticións.

O Concello de Santiago de Compostela non resolveu a solicitude de acceso á información da Sra. ██████ polo que debe lembrárselle que de acordo co disposto no artigo 20.6 da Lei

19/2013, o incumprimento reiterado da obrigación de resolver en prazo ten a consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables, do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.

Así mesmo, o Concello de Santiago de Compostela non remitiu o informe e o expediente solicitado por esta Comisión, polo que lémbbraselle, de conformidade co disposto no artigo 35 da Lei 1/2016, a súa obriga de facilitar á Comisión a información que se lle solicite para o correcto cumprimento das súas funcións en materia de transparencia.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Primeiro: Estimar parcialmente a reclamación presentada por [REDACTED] con data 4 de marzo de 2019, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude ao Concello de Santiago de Compostela de información referente á Comisión Asesora do Patrimonio Histórico do Concello, normativa disciplinaria urbanística e información referente a licencias urbanísticas no casco histórico.

Segundo: Instar ao Concello de Santiago de Compostela, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, se responda á petición de información solicitada de acordo co disposto no fundamento quinto desta resolución, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar a Concello de Santiago de Compostela, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esa Comisión da Transparencia copia do envío e da información solicitada polo reclamante.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

33251717L Firmado digitalmente
por 33251717L
MILAGROS MILAGROS MARIA
MARIA OTERO OTERO (R: S6500009C)
(R: S6500009C) Fecha: 2019.05.07
12:26:18 +02'00'

Milagros Otero Parga

Presidenta da Comisión da Transparencia